Documento distribuído por
culturagalega.org

As desgracias de Pedriño

Reproducimos a continuación un relato de Eduardo Núñez Sarmiento publicado no semanario *El Eco de Galicia* en 1901.

Contidos:

- NÚÑEZ SARMIENTO, Eduardo: "As vísporas", en *El Eco de Galicia*, nº 958, 5 de xaneiro de 1901.

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Arquivo da Emigración Galega

Rúa Galeras, 13 / 15705 Santiago de Compostela / A Coruña
Tel: +34 981 557351 / Fax: +34 981 582985 / aemigracion@consellodacultura.org

As desgracias de Pedriño

Ao meu amigo Carlos Mugía

O bo do home desfacíase por non chegar e arrecender a maravillosa frol que o tiña levado dos demos. Soamente envexaba aos que podían con un bocadiño de pacencia, sin pararse en barras nin estornelas. Unha tarde escomenzou a mirar pró chan, e dixo:

—¡Recorcio! Hoxe hei de arrecendela, anque me coma unha partida de galafates.

E dito e feito: dirixeuse á terraza; oleu, e unha espiña fíxolle ver que tamén hai agullas nas cazolas campestres.

O demo non as pensa, nin el tampouco pensaba no demoro daquel ourizo que tiña sables por follas e coitelos por cheirume. É o que pasa na vida, sempre sale un cravado, i é porque o trasno non dorme.

Aí me tendes ao bon de Pedriño levando colgado da nariz o espiño coa cazola. ¡A perdamá que o leve! O xuncras do animal non sabía que en todas partes se pesca algo, aunque no sexa máis que un disgusto, ou unha ferida na punta de calquer cousa.

Pero el pensaba en Rosa e os propósitos que había feito non eran para deixados, anque o esnaquizasen. Disfrazouse, comprou unha boina e foise direito á praia de Mugardos para darlle unha somanta boa á rapaza que o engañara coma un chino. Pero cando chegou veu á nai da dulcinea e quedouse como petrificado. Caeulle a boina e a postura en que quedou foi máis que cómica propia de un home que non se atopa a gusto cos modernos descubrimentos, anque estos non teñan nada que ver coa profesión de titiritero.

Dou volta e finxeuse un home capitalista. Púxose de lanvita e chistera; colleu por catalexos o cañón dun barrecalles, propiedá de seu avó e dispúxose a entrar na praia, esculcando o punto en que se alcontrase Rosa. Pero ó estar ollando, a maldita vella, cunha sombrilla feita dun bocado duns pantalós de “mírame e non me toques” doulle unha somanta que valía polo menos dous millós de sospiros (ouro americano).

O condenado perdeu o xuicio e botou a correr, non fixándose en que un porco máis home de ben que el, o seguía. Meténselle por entre as pernas o Pedriño,

“jinete sobre las alas
de su espíritu veloces”,

perdeu todo, hastra a poucavergonza que tiña; pero, topou un defensor, desos que por aquí tanto abundan, e non se deu por ofendido.

Anque non atopara con Rosa, dera co porco, e pouca distancia había. Solamente o seuso podía diferenciar a ambos animaliños.

Rosa non era mala rapaza, pero como vendía laranxas era un pouco picante.

Así e todo, casouse con Pedro e ó ano dou a luz con toda felicidá de unha cría que chamou a atención de todo o mundo pola forma que tiña, e outra cousa que lle aparecía sobre a testa e que decían lle roubara ó pai.

Desesperado por fin, ante somellante mala sorte, para distraerse fíxose borracho, que é o menos que pode ser un home; adicouse á leutura e posto frente a un espello convenceuse de que si o home non procede do mono de garrote, ao menos vén do mico.

Esto sin caber a menor dúbida.

E aquel que o poña en tela de xuício que se fixe en moitos micos que andan por aí, con figura de home, botándose de personas intelixentes, e sendo uns chiviños con aspiracións de grandes cousas, e que non chegan ós calzós de Pedriño, anque non queiran salir da categoría de sans.

A las pruebas me arremito.

É decir si antes non me fan probar outra cousa parecida os desengaños de Pedriño, que non foron curtos.

Ó que veña, que o aforquen.

E sinón, que o deixen tranquilo, que bastantes calamidades pasou estes monos principio de siglo. Morra o conto.